

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 05 de abril de 2019, aprobou inicialmente a modificación puntual e corrección de erros da Relación de Postos de Traballo do Concello da Coruña e das súas normas de xestión aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/08/2017 (BOP núm. 165, do 31/08/2017)

No Boletín Oficial de Provincia nº 71 do 12 de abril de 2019, foi publicado o anuncio de aprobación inicial abríndose un prazo de vinte días hábiles para presentación de alegacións, reclamacións ou suxerencias, está é do 15 de abril de 2019 ao 15 de maio de 2019

De conformidade có establecido no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, poderán examinar a documentación e presentar alegacións, reclamacións ou suxerencias.

Lugar onde se pode examinar a documentación:

1. Servizo de Persoal. Enderezo: rúa da Franxa, 20-4.º andar. A Coruña.
2. Xestor de contidos ALFRESCO
3. Portal de Transparencia do Concello da Coruña: <https://coruna.gal/transparencia/rpt2017>
4. Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es/>

Transcorrido o devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxeron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.